

ANUNCIO 2/2021: AXENCIA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE CARTELLE

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

- 1. VI422E – AXUDAS PARA ARRANXO DE VIVENDA - SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE FOMENTO DA CONSERVACIÓN, DA MELLORA DA SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN E DA ACCESIBILIDADE EN VIVENDAS DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. DOGA DO 22/03/2021. PRAZO: ATA O 22/04/2021 OU ESGOTAMENTO DO ORZAMENTO.**

Actuacións subvencionables.

1. Consideraranse actuacións subvencionables para o fomento da conservación, as seguintes actuacións: a) As relativas ao estado de conservación da cimentación, da estrutura e das instalacións. b) As relativas ao estado de conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianerías, incluíndo procesos de desamiantado. c) As relativas á adecuación interior da vivenda unifamiliar, agrupada en fila ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, ás condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente esixidas.

2. Consideraranse subvencionables para a , as seguintes actuacións: a) A instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, incluíndo os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial ou intelectual, así como a súa adaptación, unha vez instalados, á normativa sectorial correspondente. b) A instalación ou dotación de produtos de apoio, tales como guindastres ou artefactos análogos, que permitan o acceso e uso por parte das persoas con discapacidade a elementos comúns do edificio, no seu caso, tales como xardíns, zonas deportivas, piscinas e outros similares. c) A instalación de elementos de información ou de aviso, tales como sinais luminosos ou sonoros, que permitan a orientación no uso de escaleiras, ascensores e do interior das vivendas. d) A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior, tales como vídeo porteiros e análogos. e) A instalación domótica e doutros avances tecnolóxicos para favorecer a autonomía persoal de persoas maiores ou con discapacidade. f) Calquera intervención que facilite a accesibilidade universal nos espazos do interior das vivendas unifamiliares ou en edificios de tipoloxía residencial colectiva, así como nas súas vías de evacuación. Inclúense obras dirixidas á ampliación de espazos de circulación dentro da vivenda que cumpran coas condicións do CTE no referido á vivenda accesible, así como para mellorar as condicións de accesibilidade en baños e cociñas. g) Calquera intervención que mellore o cumprimento dos parámetros establecidos no Documento Básico do CTE, de seguridade de utilización e accesibilidade (DB-SUA)

- 2. VI406C - PROGRAMA DE AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA EN EDIFICIOS EXISTENTES (AÍNDA EN PRAZO) DOGA DO 06/11/2020. PRAZO: 02/01/2021 ATA O 31/07/2021 OU ATA ESGOTAMENTO DE ORZAMENTO**

Máis información: Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Ourense. **Rúa Sáenz Díez, 1 -32071 Ourense (Ourense) Teléfono: 988386271 Fax: 988386235**

Cartelle, 23 de marzo de 2021

Asdo.: O Técnico

Miguel Angel Martínez Armada